

BASES DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DA EEI XELA ARIAS 2023/2024 CONCELLO DE SARRIA

1.- OBXECTO

A presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento do servizo municipal de comedor da EEI Xela Arias 2023-2024.

2.- DESTINATARIAS/OS. REQUISITOS

O programa de conciliación Sarria Concilia está destinado a aquelas nenas e nenos matriculados/as no curso 23/24 na EEI Xela Arias e que cumpran os seguintes **requisitos**:

3.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

3.1.- DATAS E LUGAR

O servizo de comedor da EEI Xela Arias levarase a cabo dende o 11 de setembro ata o 21 de xuño, e terá como sede a EEI Xela Arias.

O servizo desenvolverase na EEI Xela Arias todos os días lectivos do curso segundo o calendario escolar, aprobado pola Orde do 3 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2.- PRAZAS

Ofértanse un total de prazas necesarias para cubrir as necesidades da escola.

3.2.- HORARIO

O horario de funcionamento será o que a continuación se detalla:

14:30-15.30

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1 NORMAS PARA CUBRIR OS IMPRESOS

A solicitude de praza ou prazas, as autorizacións e as observacións médicas deberán estar asinadas, polos proxenitores/as ou representantes legais do/a menor.

A falta de sinatura será motivo **de non admisión**.

4.2 LUGAR E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DA DOCUMENTACIÓN

O modelo de solicitude estará dispoñible na páxina web do Concello de Sarria y na Secretaría e páxina web da EEI Xela Arias.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sarria de luns a venres de 9:00h a 14:00h; a través da sede electrónica dende as 00:00h do día en que se abre o prazo ata as 23:59h do día en que acaba o prazo, ou mediante calquera outro dos procedementos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.3 PRAZOS

O prazo para a presentación das solicitudes será :

- Solicitude de praza/s: do 1 ao 6 de setembro ambos incluídos.
- Prazo do pagamento: do 7 de setembro ao 13 de setembro ambos incluídos.

4.4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

-Solicitude de praza ou prazas asinada pola nai/pai ou titor/a legal.

No caso de separación/divorcio, xuntarase copia da sentenza ou convenio regulador en vigor, para acreditar o réxime de custodia.

A documentación complementaria a presentar coa solicitude é a seguinte:

- Fotocopia do DNI da nai/pai ou titor/a legal.
- Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado.

No caso de ter participado con anterioridade no servizo de comedor organizado polo Concello de Sarria, e non producírense modificacións nas situacións que deron acceso a participar no programa, non fará falla presentar documentación adicional.

A falta de presentación da documentación requirida, suporá a renuncia implícita á praza.

5.- PREZO

O prezo será de 41,29 EUROS por menor, e por anualidade , segundo establece a ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestacións de servizos na Escola Municipal de Música e Talleres culturais e outros ensinós.

6.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento obxecto desta convocatoria, corresponde ao alcalde. Unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirase o oportuno informe, que dará lugar á resolución provisional de solicitudes admitidas na que se detallarán, ademáis as solicitudes obxecto de exclusión e as solicitudes nas que se deba emendar algunha falta ou defecto na presentación de documentación.

7.- PAGAMENTO

O pagamento realizarase mediante transferencia ou ingreso na seguinte conta bancaria, de titularidade municipal:

ABANCA: ES11 2080 0143 3131 1000 0063

Na transferencia ou ingreso debese indicar claramente: **Comedor escolar EEI Xela 2023-2024, nome e apelidos da ou do participante e o servizo solicitado.**

Unha vez realizado o pagamento, o xustificante bancario deberá entregarse o día 14 de Setembro.

A falta de entrega do xustificante bancario, implicará a perda da praza no servizo.

8.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

As persoas que obtiveran praza no servizo e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Sarria

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo do mes.

9.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases, xunto coa correspondente convocatoria, realizarase na páxina web municipal. Poderán solicitarse tamén a través da EEI Xela Arias.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non



poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel se resolva expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interporse calquera outro recurso que puidese estimarse mais adecuado ao dereito das/os interesadas/os.

Sarria, na data da sinatura electrónica na marxe

O alcalde,